



Dermatite: control e prevención

Diagnosticada por Morterallo en Italia en 1974 –por iso é polo que tamén se coñece coma ‘enfermidade de Morterallo’–, a dermatite afecta a máis dun 80 % das explotacións. Neste novo capítulo da nosa sección, analizamos os principais factores que causan esta doenza e ofrecemos algunhas medidas para previr e controlar a súa aparición no rabaño.



Manuel Vidal Barrera

Técnico podólogo en Seragro S. Coop. Galega

INTRODUCCIÓN

A dermatite (DD) é unha enfermidade de orixe infecciosa que afecta á epiderme e, en casos graves, pode afectar á derme. Aparece coma unha lesión típica en forma de amorodo de cor avermellada ou negra de aspecto granuloso e inflamación da pel por riba dos bulbos do talón con pelos longos na periferia. Está composta por treponemas e outras bacterias e é de causa multifactorial (traumatismos na pel, falta de hixiene...).

Esta lesión contaxiosa é a causante de moitas coxeiras coa consecuente baixada de produción, diminución de fertilidade e un aumento de cus-

tos en tratamentos, o que representa un problema económico importante nas nosas granxas. Temos que prestarlles especial atención ás xovencas e ás vacas secas, xa que este tipo de enfermidade vai afectar ao seu período de lactación.

Unha vez que se introduce no rabaño, reproducese con gran facilidade, por iso é importante identificala canto antes e saber o tanto por cento de incidencia que temos.

FASES DA ENFERMIDADE

A dermatite clasifícase en cinco fases seguindo a escala M:

M0: A pel dixital sa sen signos de dermatite.



M1: Pequena alteración da pel circunscrita no seu estado inicial de dermatite, de cor vermella ou gris con menos de 2 cm de diámetro.

M2: Alteración da pel dixital ou lesión cutánea granulomatosa de cor

► ESTA LESIÓN CONTAXIOSA É A CAUSANTE DE MOITAS COXEIRAS COA CONSECUENTE BAIXADA DE PRODUCCIÓN, DIMINUCCIÓN DE FERTILIDADE E UN AUMENTO DE CUSTOS EN TRATAMENTOS

vermella ou gris (úlceras dolorosas/agudas), cun diámetro superior a 2 cm situado normalmente ao longo da banda coronaria.

M3: Período de curación entre un ou dous días despois do tratamento tópico, sen dor cuberta cun material de costra negra ou marrón.

M4: Lesións crónicas de varios tamaños circunscriptas en forma de hiperqueratose ou proliferacións.

M4. 1: É unha lesión M4 cunha dermatite M1 no seu interior.

A dermatite segue un ciclo de transmisión dos estados M, polo que é ►



**GRAN CALIDAD,
ALTO RENDIMIENTO**



MILLARES TORRÓN SL

Distribuidoras de arena, cal, serrín, paja, etc

Distribuidoras para camas avícolas modelo FS200

Distribuidoras manuales de camas

Disponemos de **enganche** para cualquier tipo de manipuladora telescópica, pala o tercer punto a tractor.

**PÍDENOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

www.millarestorron.com

📍 Carretera de Santiago Km. 5 Lugo
☎ 982 221 966
✉ correo@millarestorron.com

► QUE TEÑAMOS UN BO NIVEL DE LIMPEZA NAS NOSAS INSTALACIÓNS, NON QUERE DICIR QUE NON TEÑAMOS PUNTOS CRÍTICOS COMO HUMIDADES AO REDOR DOS BEBEDOIROS E COMEDEIROS, PEDILUVIOS OU CAMAS SUCIAS

importante identificar as DD canto antes para así poder previlas e evitar que cronifiquen. Se a tratamos nos estados iniciais, é máis doado controlala e as perdas económicas serán menores.

As dermatites M2 e M4.1 son as que nos van dar máis problemas, pois son DD activadas con dor, que necesitarán de tratamento tópico para a súa curación, que as curemos non significa que non poidan volver activarse se non seguimos uns programas de prevención adecuados.

COMO ROMPER O CICLO

1. Mellora dos factores de risco
2. Optimización de minerais antes do parto en secas e xovencas
3. Mellora de pediluvios e hixiene


1. Factores de risco

- Introducción de novos animais no rabaño
- **Falta de hixiene, patios ou currais sucios, pediluvios inadecuados**
- Traumatismos cutáneos físicos/químicos
- Vacas ao comezo de lactación e animais novos
- Temperatura e humidade
- Estrés por calor que afecta ao desenvolvemento metabólico e mecánico de enfermidades da pezuña
- Chans agresivos e superficies imperfectas poden danar o estrato córneo do pezuño

Cando introducimos animais novos no rabaño ou facemos cambios de lotes, é importante comprobar que non teñan dermatite para así evitar que nos contaxien o resto dos animais.

Se temos dermatite, hai que desactivalas e poñer o baño de pezuños neses lotes.

A hixiene é outro factor clave para o control da dermatite; que teñamos un bo nivel de limpeza nas nosas instalacións, non quere dicir que non teña-



Cinc

Axuda á produción de queratina (extracto córneo de boa calidade). Favorece a cicatrización das feridas, reparación dos tecidos e é importante para a función inmunolóxica.

Cobre

É necesario para a composición e mantemento de tendóns, cartílagos e ligamentos.

Magnesio

É necesario para conservar a estrutura das articulacións, densidade ósea, e para o desenvolvemento e forza do cartílago.

Selenio

É un excelente antioxidante. En exceso, pode dar casco de mala calidade e tecido córneo brando.

mos puntos críticos, como poden ser humidades ao redor de bebedoiros e comedeiros, pediluvios sucios cando non se usan ou camas quentes, húmidas e sucias.

2. Nutrición: oligoelementos

Todos os oligoelementos son importantes, por iso os nosos animais deben

estar cubertos nuns niveis óptimos destes minerais, os cales favorecen a formación dunha boa estrutura ósea, un extracto córneo de boa calidade, unha boa cicatrización, vains servir para fortalecer a pel, o pezuño, promover a curación e reparación de tecidos.

A dieta debe ser equilibrada (minerais); así os animais serán máis ►►

SEGURO 2024

Seguro de

V

Incluye saneamiento ganadero.

Asegure la calidad de su leche
(células somáticas, aflatoxinas...).

A

C

U

N

O

Reproducción
y producción

agroseguro



PARA SUSCRIBIR SU SEGURO, DIRÍJASE A: • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS • AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • OCCIDENT • HELVETIA CÍA SUIZA, S.A. • CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • MUTUA ARROCERA, MUTUA DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • SANTA LUCÍA S.A. CÍA DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • AXA SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.



resistentes ás bacterias causantes da dermatite.

3. Mellora de pediluvios e hixiene

O baño de pezuños non é unha medida curativa senón preventiva. Se temos dermatites, debemos desactivalas (uso de tratamento tópico) e logo utilizar o baño como prevención.

Obxectivos dun pediluvio

- Baixar a porcentaxe de coxeiras infecciosas.
- Facilitar a calidade de casco.
- Controlar novas infeccións.
- Evitar que se activen lesións crónicas.
- Desinfectar.

O pediluvio debe ser o suficientemente longo para que os animais sexan capaces de dar catro pasos polo seu interior, con paredes inclinadas para favorecer que o líquido non saia do baño e os animais pasen mellor, cun sistema de baleirado para facilitar a súa limpeza. Dében-se colocar nun lugar de paso obrigado por onde pasen todos os animais, con mención especial para as vacas secas e as xovencas.


Factores que inflúen na frecuencia do pediluvio

- Taxa de novas infeccións. Se a incidencia de dermatite aumenta, temos que poñelo máis veces á semana.
- Nivel de hixiene da explotación. As camas e os corredores deben estar limpos e secos.
- Número de animais. En explotacións con moitos animais en muxidura é aconsellable baleirar o pediluvio na metade do muxido e poñer un novo.

MEDIDAS DE CONTROL

A avaliación da prevalencia débese facer nas explotacións para saber canta dermatite temos. As medidas de control farémolas nas seguintes etapas:



- Recría e vacas secas: estes animais deben estar sen ningún signo de DD, para que non se vexa afectada a súa produción durante a lactación.
- Vacas en lactación: a avaliación farémola na sala de muxidura, xa que é fácil de visualizar; coincídenos á altura da vista.
- Trabadizas ou corredores
- No poldro: cando facemos un recorte preventivo xeral, imos avaliar o estado de todos os animais,



Para poder garantir a eficacia do pediluvio, a solución débese renovar tras o paso duns 120/150 animais, dependendo do nivel de hixiene das patas e do tamaño da bañeira. Se a mestura está moi sucia, débese cambiar antes

CARACTERÍSTICAS AXEITADAS DO PEDILUVIO

- Longo de 3,5 a 4 metros (mínimo, tres pasos polo baño)
- Ancho de 0,5 a 0,7 m
- Fondura de 25 cm (mínimo, 10 cm de auga)
- Laterais sólidos e inclinados (70 %), para facilitar o confort dos animais e perda de líquido
- Todos deberían ter un sistema de baleirado



identificando o tipo de dermatites e así a prevalencia que temos.

- Programa informático: cada vez é máis importante o rexistro de datos, xa que nos vai facilitar un mellor manexo do rabaño. Poderemos analizar información de cada animal e de todo o rabaño, o que nos permite avaliar a situación do momento e poder tomar decisións acertadas: podernos anti-

par, previr situacións de risco e crear un programa de prevención.

ESTUDO SOBRE A INCIDENCIA DA DD NA GRANXA

Este estudo foi realizado polo Servizo de Podoloxía de Seragro (J. Sánchez), cun total de 20.410 animais en 29 granxas, dos cales 7.845 tiñan algunha patoloxía.


► CADA VEZ É MÁIS IMPORTANTE O REXISTRO DE DATOS, XA QUE NOS VAI FACILITAR UN MELLOR MANEXO DO RABAÑO

De todos estes animais con algunha lesión, a dermatite atópase no 3.º lugar.

Gegando 29 granxas: 1 de xaneiro de 2019-31 de xuño de 2021
20.410 entradas ao poldro
12.554 > 61,56 % **Ben**
7.845 > 38,44 % **Con patoloxía**

Fonte: J. Sánchez López, Servizo de Podoloxía de Seragro

Se analizamos os datos só das xovencas, primíparas e vacas secas, vemos que a dermatite pasa a ser a patoloxía que máis afecta. Todas as xovencas que tiveron un caso ou máis de dermatite antes de parir e conseguimos curalos repiten ao longo da primeira lactación, de aí a importancia que debemos darlles ás **xovencas e vacas secas**.



Comparativa de patoloxías

	Adultas	Xovencas	Primíparas 60 DEL	Primíparas +60 DEL
Úlceras	31,42 %	20,51 %	18,10 %	21,06 %
Liña branca	25,39 %	22,68 %	30,06 %	20,99 %
Dermatite	19,25 %	32,31 %	30,37 %	32,75 %

A DD é a enfermidade que se debe ter máis en conta na recría, xa que moitas das outras poden vir derivadas ou estar relacionadas con ela

Fonte: J. Sánchez López, Servizo de Podoloxía de Seragro

As xovencas sen parir son as que máis porcentaxe de DD teñen e seguen a arrastrar a enfermidade ao longo do primeiro parto, tanto nos

primeiros 60 DEL como nos seguintes; por iso é tan importante a prevención nas **fases iniciais do animal**. ■

**ASESORIA INDEPENDIENTE
DIRIGIDA A:**

**GANADEROS
VETERINARIOS
EMPRESAS DEL SECTOR**

**Dairy Robot
SOLUTIONS**

DRSol puede ayudarte.
Primera consulta online
gratuita!

CONTACTA CON NOSOTROS

info@dairyrobotsolutions.com

+34 676684123